

CONVOCATORIA XERAL DE TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER (TFM)

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA

De acordo co Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na USC, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, publícase a convocatoria para a adxudicación de liña temática e titor/a a todo o estudantado matriculado no TFM durante o curso 2025/2026.

A oferta das liñas temáticas para os TFM neste curso académico trata de cumprir cun dobre obxectivo: por un lado, que o estudantado realice o seu traballo na liña que máis lle motive, fomentando a súa creatividade; e, por outra parte, fortalecendo a modalidade aberta para que o estudantado que non teña aínda unha idea clara, poida atopar unha titorización nesta ampla e variada oferta do profesorado.

Ao mesmo tempo, procurarase equilibrar o número de estudantes que poderá titorizar cada docente nun curso académico (máximo de 2 estudantes).

ASIGNACIÓN DE TEMA E TITOR/A DO TFM

1 – CALENDARIO

A convocatoria de asignación desenvolverase de acordo co calendario establecido no [Anexo I](#).

2 – REQUISITOS

Estar matriculado no TFM durante o curso 2025/2026.

3 – ASIGNACIÓN DE LIÑAS TEMÁTICAS E TITORES/AS

3.1 – TRABALLOS EN GRUPO (mínimo de 2 e máximo de 3 alumnos/as)

O estudantado poderá presentar as solicitudes en grupo consensuadas co profesorado, dentro das liñas temáticas ofertadas, a través da [SECRETARÍA VIRTUAL](#) do 13 ao 16 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

Na INTRANET da facultade poden consultar o [Manual de Propostas do TFM na Secretaría Virtual do Estudiantado \(SVA\)](#).

O 17 de outubro de 2025 o profesorado deberá aceptar as propostas en grupo consensuadas co estudantado a través da Secretaría Virtual do PDI (SVPDI). Asemade, deberá rexeitar as solicitudes individuais, que serán asignadas pola modalidade aberta.

A proposta consensuada do TFM deberá incluír a liña temática do traballo, o nome do/a titor/a e os nomes dos/as alumnos/as que fan a proposta, unha breve descrición dos obxectivos, metodoloxía ou método de traballo, fases do traballo e referencias bibliográficas básicas.

Este documento ([Anexo II](#)), en formato PDF, terá que ser anexado por cada alumno no momento de facer a súa proposta de TFM a través da Secretaría Virtual.

3.2 – RENOVACIÓNS

O estudantado matriculado en cursos anteriores que non superara o TFM poderá solicitar a renovación da liña temática e titor/a a través da [SECRETARÍA VIRTUAL](#) do 13 ao 16 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

Na INTRANET da facultade poden consultar o [Manual de Propostas do TFM na Secretaría Virtual do Estudiantado \(SVA\)](#). *(Este estudantado non ten que subir á Secretaría Virtual o documento Anexo II).*

3.3 – TRABALLOS INDIVIDUAIS (Modalidade aberta)

A asignación de liña temática na modalidade aberta farase pola nota de acceso ao máster ata cubrir as prazas que teña dispoñibles cada titor/a, logo da asignación dos traballos en grupo.

Xunto con esta convocatoria o decanato publicará unha relación do estudantado ordenado pola nota de acceso ao máster, segundo os datos facilitados por Servizo de Xestión Académica ([Anexo III](#)).

Este estudantado deberá presentar unha solicitude coa súa prioridade para a asignación das liñas temáticas dos TFM que oferte o profesorado pola modalidade aberta ([Anexo IV](#)).

As solicitudes de asignación de tema e titor/a de TFM pola modalidade aberta realizaranse a través dun [FORMULARIO ELECTRÓNICO](#), do 13 ao 27 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

O estudantado que non acadase inicialmente a asignación de tema e titor/a pola modalidade aberta, por quedar cubertas todas prazas dun titor/a por estudantado con mellor nota de acceso, poderá solicitar algunhas das liñas temáticas dispoñibles no prazo de reclamacións do 30 de outubro.

O 31 de outubro de 2025 publicárase a asignación definitiva dos temas e titores/as.

O estudantado ao que se lle asigne liña temática e titor/a pola modalidade aberta terá que cumprimentar e subir á [SECRETARÍA VIRTUAL](#), do 3 ao 14 de novembro de 2025, o [Anexo II](#) (en formato PDF), logo de consensuar co titor/a os obxectivos do TFM, metodoloxía ou método de traballo, fases do traballo e referencias bibliográficas básicas.

Neste mesmo prazo o profesorado deberá aceptar as propostas individuais consensuadas co estudantado a través da Secretaría Virtual do PDI (SVPDI).

Unha vez rematado o proceso de rexistro das propostas consensuadas entre o estudantado e o PDI, o/a estudante que o precise deberá presentar a solicitude para a obtención do informe favorable do [comité de ética na investigación](#), do 17 ao 28 de novembro de 2025.

PRESENTACIÓN E DEFENSA DO TFM

1. CALENDARIO

A solicitude de defensa do TFM poderá presentarse nos prazos establecidos para cada oportunidade (febreiro, xullo e setembro) no [Calendario de Presentación e Defensa do TFM](#).

2. REQUISITOS

Para presentar a solicitude de defensa do TFM é requisito imprescindible ter superado todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, agás os correspondentes aos propios do TFM.

3. TIPOLOXÍA E FORMAS DE PRESENTACIÓN DO TFM

O estudantado poderá desenvolver o TFM en calquera dos formatos establecidos na programación docente desta materia.

4. PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O estudantado poderá presentar a solicitude de defensa do TFM, a través da [SECRETARÍA VIRTUAL](#), nos seguintes prazos:

Oportunidade	Prazo
Febreiro	16/01/2026 – 22/01/2026
Xullo	05/06/2026 – 11/06/2026
Setembro	22/07/2026 – 27/07/2026

Na INTRANET da facultade poden consultar o [Manual de Solicitudes de Defensa dos TFM na Secretaría Virtual do Estudiantado \(SVA\)](#)

5. AVALIACIÓN

Os TFM serán defendidos en defensa pública diante dun tribunal designado pola Comisión Académica do Máster.

As datas de defensa ante tribunais serán as seguintes:

OPORTUNIDADE	PRAZO
Febreiro	5 e 6 de febreiro de 2026
Xullo	13, 14 e 15 de xullo de 2026
Setembro	14, 15, 16, 17 e 18 de setembro de 2026

Xunto con esta convocatoria apróbase a composición dos tribunais que avaliarán os TFM no curso 2025.2026 ([Anexo V](#)).

LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DESTA CONVOCATORIA

A presente convocatoria publícase no Taboleiro electrónico da USC.

De conformidade co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as sucesivas comunicacións realizaranse a través da Intranet da Facultade de Ciencias da Comunicación.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2025

A decana

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA ISABEL RODRIGUEZ VAZQUEZ,

DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/10

CSV: 6252-C3F8-4B22-97E2